

Xestionado por [Vieiros](#)

'A REVOLTA DAS LETRAS' EN COMPOSTELA

A poesía toma as rúas na véspera do 17

Antón Lopo, Oriana Méndez, Estevo Creus ou Xiana Arias recitarán pola mañá en prazas e centros comerciais. Pola noite, concerto de Current 93.

Redacción - 09:15 16/05/2009

A revolta comezará pola mañá, con Antón Lopo e Oriana Méndez, que recitarán no Zara da praza de Galicia ás 12; a seguir Ana Romaní, Claudia Pato e Pilar Beiro estarán no estanque dos patos da Alameda ás 12.30 horas; Estevo Creus, entrará no Froiz da praza do Toural á unha do mediodía; e Xiana Arias e O Leo recitarán na Praza de Cervantes a partir das 13.30 horas.

Pola tarde, na Quintana, haberá actividades dirixidas a todos os públicos que se han desenvolver de 16.30 ás 21.00 horas; na mesma praza montarase un set de gravación audiovisual para a realización dun Cadáver exquisito, que comezará cun verso de Chus Pato. Ao final da xornada veremos a cadea completa na propia Quintana e a partir do día seguinte na web da [Revolta das Letras](#). De 16 a 21 horas, na praza do Toural, desenvolverase a *Arte na rúa*, unha actividade dirixida polos artistas Antón Caamaño e Edita Rodríguez, que realizarán unha acción-intervención. Ao tempo, no paseo central da Alameda, os grafiteros Osiris, Talos e Meös traballarán ao longo da tarde. Así mesmo, na caravana de *Caixa de mistos*, os máis cativos poderán ver curtas de animación en galego, con varios pases.

Unha das actividades centrais da Revolta das Letras leva por nome *Turismo mental por Santiago de Compostela*, unha visita guiada polos ecos e a cidade, unha cata sonora, un labirinto cheo de indicios e elocuentes e discretas revelacións como as que conducen a resolver un crime. Guiados por Quico Cadaval o paseo irá do xardín das estatuas da Ferradura até a sombriza necrópole de San Domingos de Bonaval. Nesta conxura participarán algunhas voces senlleira das letras e a cultura galega como os Monicreques de Kukas, músicos, Paulina Ceremuzynska, Paco Macías, Lois Rodríguez, Charo Barba, Víctor Ferreira, Antón Dobao e Margarita Ledo. A partir das dez e media da noite, na praza de Abastos, Curtocircuíto proxectará algunhas das curtametraxes máis salientábeis do cinema galego contemporáneo.

Tagen Ata latexa

Toméi do bolso a miña pistola. Con coidado, para non espertar a Ulm Roan, carguéina, montéina. Sin sentir nada apuntéi, dende moi perto, á caluga do traidor Ulm Roan. Abandóu un tiro: apenas un estremecemento, non se alteróu a posición do seu corpo. O disparo repercutíume -foi curioso-, cunha door aguda e súpeta, na zona do himen... Outra das propostas da Revolta das Letras é que os lectores da

súa páxina web [introduzan derivas](#) nalgúns fragmentos do *Retorno a Tagen Ata* de Méndez Ferrín.

Concerto de Current93

[Current93](#) presentan un programa dobre en Compostela na fin de semana das Letras, da man do [Festival Sinsal](#). Polo colectivo formado por David Tibet, John Balance de Coil e Fritz Haaman en 1982 pasaron nos seus máis de 25 anos de historia artistas como Bjork ou Nick Cave. É a súa segunda visita ao Estado Español; en Compostela James Blackshaw, Baby Dee, Andrew Liles, Keith Wood e Alex Neilson presentarán o seu último traballo: *Aleph at hallucinatory mountain*. Será no Salón Teatro, o sábado e o domingo a partir das dez da noite.

Actividades da Gentalha do Pichel

[A festa do 17 \(que se fai o 16\)](#) comezará ao mediodía na Praza do Toural cunha concentración baixo o lema 'A RAG é um fraude, por um dia das letras popular'. Entre o resto dos actos programados para este día destacan os concertos que a partir das oito da tarde comezarán na Alameda, coa actuación de Magnifique Band de Homes sen Medo, Quempalhou, The Royalties e Projecto Mourente.